

partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 30 de marzo de 2005 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación: Sistema de avaliación asistencial. Informe 2003; indicador de mortalidade por reacción aguda a substancias psicoactivas. Memoria 2003.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato, e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada pola Consellería de Sanidade e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Sistema de avaliación asistencial. Informe 2003; indicador de mortalidade por reacción aguda a substancias psicoactivas. Memoria 2003: 5 euros.

Orde do 30 de marzo de 2005 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación: IV Xornadas sobre transversalidade na educación.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma

de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato, e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada pola Consellería de Sanidade que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

IV Xornadas sobre transversalidade na educación: 4 euros.

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Corrección de erros.-Orde do 27 de abril de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións a concellos de menos de vinte mil habitantes para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas e para a adquisición de equipamentos deportivos.

Advertidos erros no artigo 6.1º do texto e a necesidade de refundir os anexos I e II da mencionada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 85, do mércores día 4 de maio de 2005, cómpre facer as seguintes correccións:

No artigo 6º.-Solicitudes, no apartado primeiro, onde di: «As solicitudes formalizaranse no impreso oficial, segundo os modelos que se xuntan a esta orde como anexo I (construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas) e anexo II (adquisición de equipamento deportivo)», debe dicir: «As solicitudes formalizaranse no impreso oficial, segundo o modelo que se xunta a esta orde como anexo I».

Os anexos I, II, III, IV e V substitúense polos anexos I, II, III e IV que se xuntan.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE FAMILIA,
 XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA FINANCIAR A CONSTRUCIÓN, MELLORA, ACONDICIONAMENTO E REFORMA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM945B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DON / DONA		NIF
ALCALDE DO CONCELLO		
ENDEREZO	TELÉFONO	PROVINCIA

DATOS DA CONTA BANCARIA

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
------------------	--------------	-----------------	-----------------------

2.- DATOS DA SOLICITUDE

MODALIDADE <input type="checkbox"/> CONSTRUCIÓN, MELLORA, ACONDICIONAMENTO E REFORMA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE PÚBLICA. <input type="checkbox"/> ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO INVENTARIABLE PARA INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE PÚBLICA.	IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA
BREVE DESCRICIÓN DA OBRA E/OU EQUIPAMENTO _____ _____ _____	

3.- DECLARO:

Que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

4.- ACEPTO:

O compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

IDENTIFÍCASE NA RELACIÓNS QUE SE XUNTA A ESTE ANEXO.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orden do 27 de abril de 200, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións a concellos de menos de vinte mil habitantes para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas e para a adquisición de equipamentos deportivos.

SINATURA DO SOLICITANTE

, de de

Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA	/ /
DATA DE EFECTOS	/ /
DATA DE SAÍDA	/ /

ANEXO I

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS (PARA CONSTRUCCIÓN, MELLORA, ACONDICIONAMENTO E REFORMA)

D/Dª _____, presidente/a do concello de _____, solicitante da subvención da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, para as subvencións destinadas a financiar a realización das obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas, e en relación a outras axudas e subvencións solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Denominación do proxecto: _____

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:Axudas e subvencións concedidas:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda nin subvención para este mesmo proxecto.
 Si se me concedeu axuda ou subvención para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda ou subvención _____ Data da resolución ____/____/____ Institución _____

Axudas e subvencións solicitadas:

- Non solicitei ningunha outra axuda nin subvención para este mesmo proxecto.
 Si solicitei axuda ou subvención para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda ou subvención _____ Data da solicitude ____/____/____ Institución _____

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

Sinatura: selo

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS (PARA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS)

D/Dª _____, presidente/a do concello de _____, solicitante da subvención da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, para as subvencións destinadas a financiar a adquisición de equipamentos deportivos, e en relación a outras axudas e subvencións solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Denominación do proxecto: _____

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:Axudas e subvencións concedidas:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda nin subvención para este mesmo proxecto.
 Si se me concedeu axuda ou subvención para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda ou subvención _____ Data da resolución ____/____/____ Institución _____

Axudas e subvencións solicitadas:

- Non solicitei ningunha outra axuda nin subvención para este mesmo proxecto.
 Si solicitei axuda ou subvención para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda ou subvención _____ Data da solicitude ____/____/____ Institución _____

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

Sinatura (selo)

ANEXO IV

OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, MELLORA, ACONDICIONAMENTO E REFORMA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS		ORDE	
ENTIDADE LOCAL	OBRA/EQUIPAMENTO	ACORDO DE ADXUDICACIÓN	
ADXUDICATARIO			NIF
PRAZO DE EXECUCIÓN	IMPORTE PROXECTO	IMPORTE ADXUDICACIÓN	BAIXA %

IMPORTE FINANCIAMENTO	XUNTA	ENTIDADE LOCAL	OUTROS	TOTAIS

Certificación nº _____ data da certificación _____
 D/Dª. _____
 Director da obra de referencia

CERTIFICO:
 Que as obras realizadas polo contratista adxudicatario e que se xustifican na correspondente relación valorada importan a cantidade líquida de _____ €.

LÍQUIDO QUE SE CERTIFICA	LÍQUIDO ABOADO ANTERIORMENTE	PENDENTE

_____, ____ de _____ de _____

O DIRECTOR DA OBRA

Asdo.:

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 21 de marzo de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo de modificación do convenio colectivo do Concello de Arteixo.

Visto o expediente do acordo de modificación do convenio colectivo do Concello de Arteixo, que tivo entrada nesta delegación provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o día 17-3-2005 e subscrito pola parte económica polo Concello de Arteixo e pola parte social polo comité de empresa día 12-1-2005 e ratificado polo pleno da corporación do 24-2-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos

de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 21 de marzo de 2005.

Cristina Azpilcueta González
 Delegada provincial da Coruña